# Presentación LOMLOE

## Itinerarios no IES Plurilingüe Eusebio da Guarda.
## Réxime ordinario (diúrno)
## Acceso á Universidade

Normativa LOMLOE: (web do Instituto > O Centro > Lexislación > LOMLOE).

- Decreto 156/2022, polo que se establecen a ordenación e o curriculum da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia

- Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia

21 decembro 2022

<table>
<tr><th>LOMLOE</th><th>1º ESO</th><th>2º ESO</th><th>3º ESO</th><th>4º ESO</th></tr>
<tr><td>COMÚNS</td><td>5-Matemáticas<br>4-Lingua Galega e Lit.<br>3-Lingua Castelá e Lit.<br>3-1ª Ling. Estranxeira<br>3-Bioloxía e Xeoloxía<br>3-*Tecnol. e Dixitalización<br>3-Xeografía e Historia<br>2-2ª Ling. Estranxeira<br>2-Educ. Plástica e Visual<br>2-*Educación Física<br>1-*Relixión ou *P. Comp.</td><td>5-Matemáticas<br>4-Lingua castelá e lit.<br>3-Lingua galega e lit.<br>3-1ª Lingua estranxe.<br>3-Física e química<br>3-*Tecn. e Dixitalización<br>3-Xeografía e historia<br>2-2ª Lingua estranxeira<br>2-*Educación Física<br>2-Música<br>1-*Relixión ou *P. Comp.</td><td>4-Matemáticas<br>3-Lingua Galega e Lit.<br>3-Ling. Castelá e Lit.<br>3-1ª Ling. Estranxeira<br>3-Xeografía e Historia<br>2-Bioloxía e Xeoloxía<br>2-Física e Química<br>2-*Educación Plástica e V.<br>2-*Educación Física<br>2-Música<br>1-Ed.Valores Cívicos e Ét.<br>1-*Relixión ou *P. Comp.</td><td>4-Matemáticas A/B<br>3-Lingua galega e lit.<br>3-Lingua castelá e lit.<br>3-1ª Lingua estranxe.<br>3-Xeografía e historia<br>2-*Educación Física<br>1-Relixión ou *P. Comp.</td></tr>
<tr><td rowspan="3">Horas de libre disposición<br>Libre confi.autonó.<br><br>*Materias en Inglés<br>**só en 3º ou en 4º</td><td rowspan="2"></td><td></td><td>MATERIAS DE OPCIÓN</td><td>Elixir tres (3h):<br>2ª Ling. Estranxeira<br>Bioloxía e Xeoloxía<br>Dixitalización<br>Economía e emprend.<br>Expresión artística<br>Física e Química<br>Formación e Orientación persoal e profesional<br>Latín<br>Música<br>Tecnoloxía</td></tr>
<tr><td>OPTATIVAS</td><td>Elixir unha (3h):<br>2ª Ling. Estranxeira<br>**Cultura Clásica<br>Educación Dixital<br>**Oratoria</td><td>Elixir unha (3h):<br>**Cultura Clásica<br>Filosofía<br>**Oratoria<br>Materia de opción</td></tr>
<tr><td>1-Titoría</td><td>1-Titoría</td><td>1-Titoría</td><td>1-Titoría</td></tr>
</table>

# POSIBLES ITINERARIOS 4º

| | | **Escoller 2 materias: (só unha)** |
|---|---|---|
| **VÍA A** | •**Matemáticas B**<br>•Bioloxía e Xeoloxía<br>•Física e Química | •2ª LE<br>•Cultura Clásica (non cursada en 3º)<br>•Dixitalización<br>•Economía e emprendedores<br>•Expresión Artística<br>•Filosofía<br>•Formación e Orient. Personal e Profes.<br>•Música<br>•Oratoria (non cursada en 3º)<br>•Tecnoloxía |
| **VÍA B** | •**Matemáticas A/B**<br>•Economía e emprendedores<br>•Latín | •2ª LE<br>•Cultura Clásica (non cursada en 3º)<br>•Dixitalización<br>•Expresión Artística<br>•Filosofía<br>•Formación e Orient. Personal e Profes.<br>•Música<br>•Oratoria (non cursada en 3º) |

# ESO

## DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR

| 3º ESO | 4º ESO |
|---|---|
| 12 h **Ámbito lingüístico e social**. Abrangue:<br>Lingua Galega e Literatura<br>Lingua Castelá e Literatura<br>1ª Lingua Estranxeira (independente?)<br>Xeografía e Historia<br>8 h **Ámbito científico e matemático**.<br>Abrangue:<br>Matemáticas<br>Física e Química<br>Bioloxía e Xeoloxía | 12 h **Ámbito lingüístico e social**. Abrangue:<br>Lingua Galega e Literatura<br>Lingua Castelá e Literatura<br>1ª Lingua Estranxeira (independente?)<br>Xeografía e Historia<br>10 h **Ámbito científico e matemático**<br>Abrangue:<br>Matemáticas<br>Bioloxía e Xeoloxía<br>Física e Química |
| Materias a cursar co grupo de referencia:<br>3 h **OPTATIVA** (2ª LE, CuCa, Ed. Dixit, Oratoria)<br>2 h Educación Física<br>2 h Educación Plástica e Visual<br>2 h Música<br>1 h Educación Valores Cívicos e Éticos<br>1 h Relixión / Proxecto Competencial | Materias a cursar co grupo de referencia:<br>3 h **1 MATERIA OPCIÓN** (nin BX, nin FQ)<br>3 h **OPTATIVA** (CuCa, Filosofía, Oratoria, materia de opción non cursada)<br>2 h Educación Física<br>1 h Relixión / Proxecto Competencial |
| 1 h Titoría | 1 h Titoría |

# <u>ESO</u>

## *Promoción*

- Promociona de curso o alumnado con **todas as materias* aprobadas** (do curso actual e dos anteriores), **ou con 1 ou 2 materias* suspensas** (entre o curso actual e os anteriores).
- Ademais, o equipo docente poderá decidir a promoción con máis materias* suspensas, sempre que se cumpran **todas** as condicións seguintes:
  a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias (incluíndo as pendentes) en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
  **b) Que a suma dos períodos lectivos semanais das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.**
  c) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
  d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
  e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

  NECESARIO???O equipo docente, sen menoscabo da súas competencias, pode decidir que se compren as aliñas c), d) e e) nos seguintes casos:
    i. No caso de avaliación negativa en tres materias de toda a ESO e as notas destas sexan iguais ou superiores a 3.
    ii. No caso de avaliación negativa en catro ou máis materias de toda a ESO e as notas das mesmas sexan iguais a 4.

•Materias coa mesma denominación de cursos diferentes contan como materias distintas.

***Repetición***

- Unha soa vez no curso e dúas veces, como máximo, en todo o ensino obrigatorio.
- De xeito excepcional poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia.
- En Diversificación Curricular só se poderá repetir en 4º curso.

**<u>ESO</u>**

## Título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria

- Titúlase o alumnado que en toda a ESO aprobou **todas as materias* ou ámbitos cursados**.
- Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén <u>todas</u> as condicións seguintes:
  a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias* (incluídas as pendentes) en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
  b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.
  c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

  O equipo docente, sen menoscabo das súas competencias, pode decidir que se compren as aliñas b) e c) nos seguintes casos:
  i. No caso de avaliación negativa nunha ou en dúas materias de toda a etapa, e as notas destas sexan iguais ou superiores a 2.
  ii. No caso de avaliación negativa en tres ou máis materias de toda a etapa, e as súas notas sexan iguais a 4.

* Materias coa mesma denominación de cursos diferentes contan como materias distintas.

**<u>ESO</u>**

**Título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ( de momento non pon nada)**

- As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha **nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos** poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como **máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 %** do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.

- En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

- Ordenarase o alumnado que cumpra as condicións por mellor nota media en 4º de ESO.

- Para desempatar:
    - 1º criterio: mellor nota media na etapa.
    - 2º criterio: maior número de 10 (de 9 se continua o empate;  ou de 8 se aínda continua o empate) nas avaliacións finais da etapa.
    - 3º criterio: sorteo

# 1º BACHARELATO LOMLOE

<table>
<tr><th colspan="5">1º BAC LOMLOE</th></tr>
<tr><td colspan="5">Comúns: Lingua Galega e Lit. I (3h), Lingua Castelá e Lit. I (3h), 1ª Lingua Estranxeira (3h), Filosofía (3h), Educación Física (3 h), 1-Relixión/Lab.Inglés(1 h)</td></tr>
<tr><td colspan="2"></td><td>1 materia (4h)</td><td>2 materias (4+4h)</td><td>1 materia (4 h)(sen repetir co bloque anterior)</td></tr>
<tr><td colspan="2" rowspan="3">Modalidade Ciencia e Tecnoloxía</td><td rowspan="3">•Matemáticas I</td><td>•Bioloxía<br>•Física e Química</td><td rowspan="9">•2ª Ling. Estra. Fran II<br>•Anatomía Aplicada<br>•Antropoloxía<br>•Cultura Científica<br>•Debuxo Artístico I<br>•Economía<br>•Ling. e Práctica Musical<br>•Lta.Gal.S.XX e da Actu.<br>•TIC I<br><br><u>So en Ciencias:</u><br>•Bioloxía, Xeoloxía e CM<br>•Debuxo Técnico I<br>•Tecnol. e Enxeñería I<br><br><u>So en Humanidades e CCSS</u><br>•Hta. do Mundo Conte.<br>•Lta. Universal</td></tr>
<tr><td>•Debuxo Técnico I<br>•Física e Química</td></tr>
<tr><td>•Física e Química<br>•Tecno. e Enxeñería I</td></tr>
<tr><td rowspan="6">Modalidade de Humanidades e CCSS</td><td rowspan="3">Humanidades</td><td rowspan="3">•Latín I</td><td>•Grego I<br>•Hta. do Mundo Contemp.</td></tr>
<tr><td>•Grego I<br>•Lta. Universal</td></tr>
<tr><td>•Hta. do Mundo Contemp.<br>•Lta. Universal</td></tr>
<tr><td rowspan="3">Ciencias Sociais</td><td rowspan="3">•Matemáticas aplicadas ás CCSS I</td><td>•Economía<br>•Hta. do Mundo Contemp.</td></tr>
<tr><td>•Economía<br>•Lta. Universal</td></tr>
<tr><td>•Economía<br>•Latín I</td></tr>
</table>

# <u>2º BACHARELATO LOMLOE</u>

**Comúns:** <u>Lingua Galega e Literatura II (3 h)</u>, Lingua Castelá e Literatura II (3 h), Primeira Lingua Estranxeira II (3 h), Historia de España (3 h), Historia da Filosofía (3 h)

<table>
<tr><th colspan="2"></th><th>Troncal de opción<br>1 materia<br>4 h</th><th>Mat. de modalidade<br>2 materia<br>4 h cada unha</th><th>Materia optativa<br>1 materia<br>4 h</th><th>1 materia<br>1 h</th></tr>
<tr><td colspan="2">MODALIDADE DE CIENCIAS</td><td>•Matemá. II<br>•Mat. Ap. CCSS II</td><td>•Bioloxía<br>•Debuxo Técnico II<br>•Física<br>•Química<br>•Tecnoloxía e Enx. II<br>•Xeoloxía e C. Amb.</td><td rowspan="3">•2ªLing.Est.II Francés<br>•Mét. Estatíst. e Num.<br>•Psicoloxía<br>•TIC II<br>•Xeog, Hª, Arte e Patrimonio de Galicia<br>•Materia de modalidade non cursada</td><td rowspan="3">Relixión<br><br><u>Mat. espello</u></td></tr>
<tr><td rowspan="2">MODALIDADE DE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS</td><td>Itinerario de Humanidades</td><td rowspan="2">•Latín II<br>•Mat.Ap.CCSS II</td><td rowspan="2">•Empresa e Deseño de negocios<br>•Grego II<br>•Hta. da Arte<br>•Xeografía<br>•Materia troncal non cursada</td></tr>
<tr><td>Itinerario de CCSS</td></tr>
</table>

<table>
<tr><th colspan="2">1º BACHARELATO</th><th colspan="3">2º BACHARELATO</th></tr>
<tr><th>TRONCAL OPCIÓN</th><th>ITINERARIOS</th><th>TRONCAL OPCIÓN</th><th>ITINERARIOS</th><th>OPTATIVAS (non rep.)</th></tr>
<tr><td rowspan="3">Matemáticas I</td><td>•Bioloxía<br>•Física e Química</td><td>Matemáticas II/ Matemáticas aplicadas CCSS II</td><td>•Bioloxía<br>•Química</td><td rowspan="3">•2ª LE II (Francés)<br>•Bioloxía<br>•Deb. Artístico II<br>•Deb. Técnico II<br>•Empresa e Deseño neg.<br>•Física<br>•MEN<br>•Psicoloxía<br>•Química<br>•Tecn. e Enx. II<br>•TIC II<br>•Xeoloxía e C. Amb.</td></tr>
<tr><td>•Debuxo Técnico I<br>•Física e Química</td><td rowspan="2">Matemáticas II</td><td>•Debuxo Técnico II<br>•Física</td></tr>
<tr><td>•Física e Química<br>•Tecn. e Enx. I</td><td>•Física<br>•Tecnoloxía e Enxeñería II</td></tr>
<tr><td rowspan="3">Latín I</td><td>•Grego I<br>•Hist. Mundo Cont.</td><td rowspan="2">Latín II</td><td rowspan="2">•Grego II<br>•Historia da Arte</td><td rowspan="3">•2ª LE II (Francés)<br>•Deb. Artístico II<br>•Historia da Arte<br>•Psicoloxía<br>•TIC II<br>•Xeografía<br>•XHAP Galicia</td></tr>
<tr><td>•Grego I<br>•Literatura Universal</td></tr>
<tr><td>•Hist. Mundo Cont.<br>•Literatura Universal</td><td>Latín II</td><td>•Historia da Arte<br>•Xeografía</td></tr>
<tr><td rowspan="3">Matemáticas Aplicadas ás CCSS I</td><td>•Economía<br>•Hist. Mundo Cont.</td><td rowspan="2">Matemáticas Aplicadas ás CCSS II</td><td rowspan="2">•Empresa e Deseño negocios<br>•Historia da Arte</td><td rowspan="3">•2ª LE II (Francés)<br>•Deb. Artístico II<br>•Historia da Arte<br>•MEN<br>•Psicoloxía<br>•TIC II<br>•Xeografía<br>•XHAP Galicia</td></tr>
<tr><td>•Economía<br>•Literatura Universal</td></tr>
<tr><td>•Economía<br>•Latín I</td><td>Matemáticas Aplicadas ás CCSS II</td><td>•Empresa e Deseño negocios<br>•Latín II</td></tr>
</table>

## BACHARELATO

**ACCESO**: Título en ESO.

**AVALIACIÓN**: Diferenciada por materia.

**PROMOCIÓN DE 1º a 2º** :

- Cando se superen as materias cursadas ou se teñan 2 suspensas como máximo. Neste último caso matricularanse en 2º das materias pendentes de 1º. A superación das materias de 2º que impliquen continuidade estará condicionada á superación das correspondentes materias de 1º.
- Para os efectos de promoción, só se computarán as materias que como mínimo a alumna ou o alumno deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que as alumnas e os alumnos poidan cursar máis materias do devandito bloque.
- A promoción cunha ou dúas materias suspensas decidirase despois da avaliación extraordinaria
- A avaliación extraordinaria do alumnado farase a partir dunha proba extraordinaria, única para a materia do curso, a mesma para o alumnado de réxime ordinario e adultos, e de toda a materia do curso.

**DURACIÓN**: 4 anos académicos en réxime ordinario.

**REPETICIÓN**:

- Repetir 1º: O alumnado deberá matricularse en todas as materias e repetirá o curso completo.
- Repetir 2º: O alumnado poderá matricularse das materias suspensas, ou optar por repetir o curso completo (neste caso non se manterán as cualificacións das materias aprobadas previamente).

AVALIACIÓN DAS MATERIAS SUSPENSAS DE 1º RESULTADO DE CAMBIO DE MODALIDADE: como as pendentes.

**BACHARELATO (4)**

**TÍTULO DE BACHARELATO.** Obtense:

- Aprobando todas as materias de 1º e 2º de Bacharelato.
- Excepcionalmente (na avaliación extraordinaria), o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:
  a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título. Sen prexuízo do anterior, pode considerar que se acadaron os obxectivos e se adquiriron as competencias se a nota da materia suspensa é igual ou superior a 3.
  b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia. O equipo docente pode considerar que hai inasistencia continuada cando a alumna ou o alumno alcance o cuádruplo de faltas inxustificadas, a xuízo da titora ou titor, do número de clases semanais da devandita materia.
  c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
  d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.

- O título de bacharel será único e expedirase con expresión da modalidade cursada e da nota media obtida, que se obterá calculando a media aritmética das cualificacións de todas as materias cursadas, expresada nunha escala de 0 a 10 con dous decimais, redondeada á centésima.

- Para os efectos do cálculo da nota media para o alumnado que cambia de modalidade ou de materia en segundo curso, só se terán en conta as cualificacións das materias cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata.

**<u>BACHARELATO (4)</u>**

## CAMBIO DE MODALIDADE-1:

O alumnado poderá **solicitar á dirección do centro** o cambio de modalidade en calquera dos dous cursos de bacharelato. Con carácter xeral, a dita solicitude efectuarase:

- Durante os dous primeiros meses do primeiro curso
- **Antes do comezo das actividades lectivas do segundo curso**.

Ao finalizar o segundo curso de bacharelato, o alumnado deberá ter cursadas e superadas:

1. Todas as materias xerais do bloque de materias troncais de cada un dos cursos da modalidade (ou itinerario na modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais) pola cal remata
2. Catro materias de opción do bloque de materias troncais, das cales polo menos tres deben ser da modalidade pola cal remata e dúas serán de segundo curso
3. A materia de Educación Física
4. A materia de libre configuración de Lingua Galega e Literatura
5. Un mínimo de catro do bloque de materias específicas, das cales dúas serán de primeiro e dúas de segundo.

**BACHARELATO (5)**

**CAMBIO DE MODALIDADE-2:**

Cambio de modalidade (ou de itinerario en Humanidades e CCSS) ao promocionar a segundo, ou. Ademais de estar en condición de promocionar (2 suspensas como máximo de 1º despois da avaliación extraordinaria):

1. Deberá cursar, da nova modalidade ou do novo itinerario, as materias xerais do bloque de materias troncais de segundo e, se for o caso, as de primeiro que non tiver superado.
2. Deberá cursar a materia xeral do bloque de materias troncais propia do primeiro curso da nova modalidade ou do novo itinerario.
3. Non será necesaria a superación da materia xeral do bloque de materias troncais propia do primeiro curso da modalidade ou do itinerario que abandona.
4. Deberá cursar, da nova modalidade, dúas materias do bloque de materias troncais de opción de segundo curso e polo menos unha de primeiro curso.
5. As materias troncais de opción de primeiro curso superadas, da modalidade que abandona, poderán computarse unha delas como materia troncal de opción da nova modalidade e outra como materia específica de primeiro da nova modalidade.
6. A materia xeral superada do bloque de materias troncais propia da modalidade ou do itinerario que abandona de primeiro curso poderá computarse como materia específica de primeiro curso da nova modalidade ou do novo itinerario.

Cambio de modalidade ao permanecer un ano máis no segundo curso: poderá cambiar de modalidade nas condición establecidas no apartado anterior.

**<u>ABAU (1)</u>**

**ACCESO Á UNIVERSIDADE: "PROBAS DE AVALIACIÓN DE BACHARELATO PARA O ACCESO Á UNIVERSIDADE –PABAU-" ("Selectividade"):**

- É obrigatoria para acceder á Universidade (pública ou privada)
- Para presentarse é necesario ter o título de bacharelato.
- A proba de cada materia, de 2º de Bacharelato, constará dun mínimo de 2 e un máximo de 15 preguntas e será elixida polo alumno entre dúas opcións diferentes. Durará 90 minutos e haberá un descanso entre probas de 30 minutos.
- Cada materia cualificarase de 0 a 10 con dúas cifras decimais.

- As probas constan de dúas partes:
  - ✓ **1ª parte (obrigatoria)**. Os alumnos examinaranse das materias troncais xerais <u>cursadas</u> de 2º de Bacharelato:
    - Lingua Galega e Literatura II (estarán exentos os que teñan exención)
    - Lingua Castelá e Literatura II
    - Primeira Lingua Estranxeira II
    - Historia de España
    - E da materia troncal xeral específica da modalidade que se cursou:
      - Matemáticas II (Modalidade de Ciencias)
      - Latín II (Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais, itinerario de Humanidades)
      - Mat. Aplic. CCSS II (Modalidade de Humanidades e CS, itinerario de Ciencias Sociais)

**ABAU (2)**

A cualificación da 1ª parte será a media aritmética das cualificacións numéricas de cada materia expresada de 0 a 10 con tres cifras decimais e redondeada á milésima máis próxima e en caso de equidistancia á superior. Esta cualificación deberá ser **igual ou superior a 4 puntos para aprobar a primeira parte**.

Aprobada a primeira parte, faise a media ponderada coa media de bacharelato: 40 % a cualificación da primeira parte da PABAU e 60 % a media do bacharelato.

A 1ª parte, unha vez aprobada, ten validez indefinida. Os estudantes poderán presentarse á Parte Obrigatoria da proba ABAU en sucesivas convocatorias para mellorar a súa cualificación; neste caso deberán examinarse da totalidade das materias que configuran a Parte Obrigatoria da ABAU. Tomarase en consideración a cualificación obtida na nova convocatoria, sempre que sexa superior á anterior.

**Apróbase o acceso á universidade cunha media ponderada de 5 ou máis puntos**.

# ABAU (3)

**2ª Parte** (opcional: para os alumnos que queiran mellorar a nota de admisión).

- O alumno poderá examinarse dun máximo de 4 materias de 2º Bacharelato (cursadas ou non cursadas), a elixir entre as materias troncais de opción e as materias xerais troncais específicas de modalidade distintas daquela da que se examinen na parte obrigatoria da proba:

| Materias troncais de opción | Materias xerais troncais específicas de modalidade |
|---|---|
| • Artes Escénicas<br>• Bioloxía<br>• Cultura Audiovisual II<br>• Debuxo Técnico II<br>• Deseño<br>• Economía da Empresa<br>• Física<br>• Grego II<br>• Historia da Arte<br>• Historia da Filosofía<br>• Química<br>• Xeografía<br>• Xeoloxía<br>• 2ª Lingua Estranxeira II (distinta da 1ª Lingua) | • Fundamentos Arte II<br>• Latín II<br>• Matemáticas II<br>• Matemáticas aplicadas ás CC.SS. II |

Aos efectos da súa ponderación, as cualificacións das materias troncaies de opción obxecto de exame na Parte Voluntaria da ABAU e a da materia troncal de modalidade obxecto de exame na Parte Obrigatoria da ABAU terán validez para o acceso á universidade durante os dous cursos académicos seguintes á superación destas. Os estudantes poderán presentarse en sucesivas convocatorias para mellorar a cualificación de calquera das materias da Parte Voluntaria. Tomarase en consideración a cualificación obtida na nova convocatoria, sempre que esta sexa superior á anterior.

# ABAU (4)

- Considerarase superada a materia cando se obteña unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.
- Para a mellora da nota de admisión terase tamén en consideración a cualificación obtida na fase obrigatoria na materia xeral específica de cada modalidade do bloque das materias troncais (Matemáticas II, Latín II ou Mat. CCSS II) sempre e cando a cualificación acadada na materia correspondente sexa igual ou superior a 5 puntos.

- A 2ª parte ten unha validez temporal nos 2 cursos seguintes á superación.

- **Cualificación final de admisión** (Artigo 48 Orde 24 marzo 2011) = 0,6*CMB + 0,4*C1P + a*M1 + b*M2 (con tres decimais, redondeada á milésima máis próxima)

  CMB = cualificación media do bacharelato.

  C1P = cualificación da 1ª parte.

  M1, M2 = as dúas cualificacións das materias aprobadas da 2ª parte e da xeral específica de cada modalidade da 1ª parte que máis contribúan (unha vez aplicados os parámetros de ponderación) e que estean adscritas á rama de coñecemento do Grao que se queira cursar.

  a, b = parámetros de ponderación (0,1 ou 0,2) das materias M1 e M2, que dependen de cada universidade (os parámetros de acceso para cada Grao en Galicia son os mesmos para as tres Universidades).

  En dobres graos, teranse en conta dúas materias coma máximo de calquera deles que máis contribuían a mellorar a nota.

- A cualificación máxima posible é de 14 puntos.
- A única condición para acceder a un grao é a de igualar ou superar a súa nota de corte sen importar a modalidade de 2º pola que se accedeu.

# PROBA DE AVALIACIÓN DE BACHARELATO PARA O ACCESO Á UNIVERSIDADE (ABAU)

<table>
<tr><th>Partes</th><th>Contido</th><th>Duración e características</th><th>Puntuación</th><th>Cualificación das partes</th><th>SUPERACIÓN DA PROBA</th><th>NOTA DE ADMISIÓN</th></tr>
<tr>
<td>PARTE OBRIGATORIA</td>
<td>■ Lingua Castelá e Literatura II (E1)<br>■ Lingua Galega e Literatura II (E2)<br>■ Historia de España (E3)<br>■ Primeira Lingua Estranxeira II (E4)<br>■ Materia troncal Modalidade (E5)</td>
<td rowspan="2">• Dúas opcións en cada exercicio para elixir unha.<br>• Pódese contestar en Galego ou Castelán, agás nos correspondentes exercicios e nos de L. Estranxeira.<br>• Como máximo unha hora e media cada exercicio.<br>• Intervalo mínimo de 30 minutos entre exercicios.</td>
<td rowspan="2">- Cada exercicio:<br>de 0 a 10 puntos, con dúas cifras decimais.</td>
<td>Cualificación Parte Obrigatoria<br><u>E1 + E2 + E3 + E4 + E5</u><br>5<br>► Resultado: con 3 cifras decimais.<br>► Mínimo necesario: un 4<br>► Validez: indefinida.</td>
<td>✓ Cualificación da Proba: de 0 a 10 puntos, con tres cifras decimais, redondeada á milésima máis próxima.<br>➢ Superación da Proba:<br>0,6*NMB + 0,4*CPO ≥ 5<br>NMB: Nota media do Bacharelato (con dúas cifras decimais)<br>CPO: Cualificación da Parte Obrigatoria</td>
<td rowspan="2">◘ Cando haxa máis solicitudes que prazas ofertadas.<br>◘ Exprésase con tres cifras decimais, redondeada á milésima máis próxima. Pode ser ata 14.<br><u>Nota de admisión</u>:<br>0,6*NMB + 0,4*CPO + a*M1 + b*M2<br>M1, M2: As materias superadas da Parte Voluntaria e/ou a materia troncal de modalidade da Parte Obrigatoria (se está superada) con mellor cualificación unha vez aplicados os parámetros de ponderación<br>a, b: Parámetros de ponderación (0,1 ou 0,2)</td>
</tr>
<tr>
<td>PARTE VOLUNTARIA</td>
<td>■ Como máximo, catro materias entre:<br>- Materias de opción do bloque das materias troncais de 2º curso de calquera modalidade.<br>- Materias xerais troncais específicas de modalidade distintas da que se examine na Parte Obrigatoria.<br>- 2ª L. Estranxeira.</td>
<td>► Para superar cada materia: nota igual ou superior a 5. Non se ponderarán materias con nota inferior a 5.<br>► Só se consideran para a nota de admisión se as materias están adscritas ás respectivas ramas de coñecemento.<br>► Validez: nos dous cursos seguintes á súa superación.</td>
<td></td>
</tr>
</table>

## ENLACES

- CiUG
- Oferta de prazas no Sistema Universitario Galego e notas de corte curso 2021-22
- Oferta de prazas no Sistema Universitario Galego para o curso 2021-22
- Parámetros de ponderación das materias da fase específica en Galicia 2022-23
- Estudos oficiais nas universidades españolas (MEC)
- Estudos universitarios en España, do portal Universia
- Táboa de ponderacións das materias específicas nas universidades españolas
- Ciclos Formativos de Formación Profesional (Galicia)